



Federación Galega
de Caza

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

O presidente da Federación Galega de Caza, acompañado do Director Xeral de Conservación da Natureza presentaron o I Estudo Socioeconómico sobre a Caza e o perfil do Cazador en Galicia

O Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón e o Director Xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García Borregón, presentaron na sede federativa, en Santiago de Compostela, o I Estudo socioeconómico sobre a caza e o perfil do cazador en Galicia, único das súas características realizado en España.



O estudo realizado pola empresa demoscópica Ecométrica Investigación Social, foi encargado polo Observatorio da Caza da Federación Galega de Caza, que contou co asesoramento do profesor Federico Martín da Facultade de Económicas da U.D.C. e coa colaboración da Consellería do Medio Rural. A investigación tiña por obxectivo achegarse e coñecer a realidade da actividade cinexética dende unha perspectiva socioeconómica baseada principalmente no perfil do cazador galego e na cifra de negocio que manexa o sector.

A técnica de investigación baseouse na utilización dunha enquisa –cuestionario con 88 preguntas de tipo pechado- como elemento directo de recollida de datos, así como a través de entrevistas abertas a expertos en cuestións cinexéticas, e de datos recabados de forma directa nos lugares de oferta dos produtos e servizos relacionados coa caza.

No traballo púxose de manifesto que a caza xenera un volume de negocio superior aos 94 millóns e medio de euros anuais, semllante á cifra de negocio que move o sector vitivinícola en Galicia, un dos sectores agrarios máis puxantes e en expansión da Comunidade. Estas cifras amosan que a caza social, ademáis dos valores propios da súa actividade, xenera un importante movemento económico. Na Comunidade Galega exercen a práctica cinexética uns 55.000 cazadores, dos cales máis de 10.000 (19%) tamén cazan fora de Galicia. O gasto medio por cazador e ano é de 1.745 euros.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



**Federación Galega
de Caza**

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Outro dato non menos importante que revela o estudo e que, a pesares da crise económica que está a sufrir a sociedade, só o 6,6% dos cazadores galegos están en situación de parado, mentres que o 69,3% dos cazadores son traballadores en activo. Deles o 40,2% traballan por conta propia e o 61,8% son traballadores conta allea. A renda familiar do 46% dos cazadores sitúase entre os 1.500 e os 2.500 euros mensuais.

O maior número de cazadores galegos (77,8%) está entre os 30 e os 64 anos, peroponse de manifesto a pervivencia da actividade entre os maiores, a diferenza de outros deportes que requiren dunha maior forma física, a caza é unha actividade que seguen a practicar o 14,2% das persoas que superan os 65 anos, e non menos importante é a incorporación dos xóvenes, uns 4.335 de entre os 17 e os 29 anos. Significativo é tamén que o 58,4% dos deportistas cinxéticos non practican ningunha outra actividade deportiva.

O estudo constata que a caza en Galicia é unha actividade social, o 98% dos cazadores son socios de algún Tecor (coto de caza), o 19% cazan tamén noutras comunidades autónomas do estado e preto de 1000 galegos practican a caza internacional.

Segundo o estudo, a caza supón unha práctica deportiva cunha elevada participación e aceptación fundamentalmente no medio rural, onde residen o 72,4% dos cazadores e teñen relación directa co rural un 92,9%.

En xeral os deportistas cinxéticos están ben informados, acostuman a mellorar os seus coñecementos e informarse a través de revistas cinxéticas (96,2%), programas televisivos sobre a caza (89,4%), libros especializados (64,6%), seguen programas radiofónicos (50%), mentres que o 23,4%ponse ao día a través da páxina web da Federación Galega de Caza, e o 26,3% asiste a cursos e xornadas formativas sobre a actividade.

Pode ver un resumo do estudo na seguinte ligazón:

<http://www.federaciongalegadecaza.com/Observatorio/Resumo.Estudio.Socioeconomico.pdf>

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>